

Taboleiro de Anuncios

ANUNCIOS


-Está a vosa disposición no Centro un contenedor para reciclar aceite.

-Visita a web da Parroquia
www.zamans.net

-En breve empezará a funcionar a biblioteca e a videoteca do Centro Cultural.

-Recibos socios, aínda quedan pendentes de pago algúns recibos, debendo abonar 30€ os recibos familiares e 20€ os unifamiliares, pódese pagar no Centro ou en calquera oficina de Caixanova na conta 2080-0082-4-1-0040004240.

Teléfonos de interés:
Centro Cultural: 986468039
Avarías no Alumeado
Público:900333365




Asociación Veciñal Cultural e Recreativa San
Mamede de Zamáns



ACTIVIDADES CULTURAIS

NIF:G36691855
Estrada Zamáns, 251 - 36310 Zamáns (Vigo)
Tfno-Fax:986 468039

Pepe
Estrada
36310 ZAMÁNS - VIGO



Zamáns, 11- Xullo -2008

Estimados veciños/as:

Como tódolos anos achegámosvos a programación cultural e iniciativas interesantes para os vindeiros meses.

-Campionato de chave.

O sábado 19 de xullo. Haberá trofeos para os mellores.

-Festa do socio 2008.

Celebrarase o día 26 de xullo nas instalacións do centro cultural.

Actuación do grupo de baile e gaitas Xinela a partir das 17h, pandereteiras e grupo de metais Grume á continuación.

Exposición dos traballos realizados nos cursos da vogalía de muller, manualidades, palillos e tapizado.

Exposición de fotografías.

Homenaxe a socios pola súa labor desinteresada en favor do funcionamento da asociación.

Actuará ás 20:00h a banda de música da UVCD de Candeán.

Para rematar, pinchos e refrescos para os socios.

-Campionato de petanca.

O sábado, día 2 de agosto. Haberá premios para os gañadores.

-Curso de Patinaxe.

Un día á semana 1,5h, prezo 15€/mes, número mínimo de alumnos 10. Se estas interesado apúntate no centro cultural.

-Curso de baile moderno para rapaces e rapazas.

Comezo 9 de xullo, tódolos mércores de 17-18:30h, prezo 15€/mes. Divértete bailando con música actual e aprendendo coreografías. Apúntate no centro cultural.

Dende a directiva da Asociación animámosvos a que nos fagades chegar suxestións sobre os cursos ou actividades que vos gustaría se realizaran no Centro Cultural.

Aproveitamos para poñernos como sempre a vosa disposición e agradecervos a colaboración.

Recibide un cordial saúdo.